



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURLINGÜE ÁLVARO CUNQUEIRO MORA
Avda, Bos Aires, 19
Tfno: 982870553
27740 Mondoñedo (Lugo)
E-mail: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal



SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR 2023/2024

Segundo a instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 01 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024, remitímoslles, para as familias que desexen **solicitar o servizo de comedor escolar para o vindeiro curso 2023-2024** **ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS.**

Os interesados deberán **entregar, unha vez cuberto e asinado, o devandito ANEXO II na secretaría do centro ANTES DO 14 DE XULLO DE 2023.**

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar mediante presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase declaración do IRPF, correspondentes en ambos casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2022, anterior ao presente ano.

O HORARIO PARA REALIZAR CALQUERA XESTIÓN NESTE CENTRO SERÁ DE 10 A 13 HORAS. Para calquera consulta tamén poderán chamar aos teléfonos 982870553 e 666282683 de 9 a 14 horas.

Mondoñedo, 04 de xullo de 2023

A Directora

Asdo: M^a Teresa Freire Sánchez





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURLINGÜE ÁLVARO CUNQUEIRO MORA

Avda, Bos Aires, 19

Tfno: 982870553

27740 Mondoñedo (Lugo)

E-mail: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal



A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2022:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595} = X$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.=Y

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).tal e como recolle o artigo 16.2. terceiro do Decreto 132/2013 do 1 de agosto.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.